



AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Para o vindeiro curso 2018-19 hai tres tipos de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar polo alumnado de centros públicos, segundo a Orde 9 de maio de 2018 (DOG 21/05/18):

1º) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de **1º e 2º de educación primaria** e para o de **educación especial**

A este alumnado proporcionaráselle un vale para mercar os libros, se cumpren os requisitos esixidos:

PRIMARIA: Até 5.400 € de renda per cápita, un vale de 170 €
De 5.400 € até 9.000 € de renda per cápita, un vale de 90 €

E.E.: Con discapacidade igual ou superior ao 65%, un vale de 250 €.

2º) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria** e **1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria**.

Proporcionaráselle ao alumnado os libros de texto necesarios que existan no fondo solidario até que se esgoten, en orde inversa á renda per cápita do alumnado.

3º) AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Para todo o alumnado de Primaria, E.S.O. e E.E. que non supere os 5.400 € de renda per cápita familiar, un vale por importe de 50 € (*Pódense incluír os caderniños*).

SOLICITUDES:

Poderanse realizar a través da aplicación Fondo Libros da Consellería de Educación.

As solicitudes en papel, entregaranse **no centro docente** (oficina administrativa) ou nos rexistros oficiais, xunto coa documentación correspondente, entre o **22 de maio e o 22 de xuño**, ambos incluídos.

Os impresos de solicitude poderán obterse no centro escolar, na aplicación Fondo Libros, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e tamén se poderán descargar na páxina <http://edu.xunta.es> ou na páxina web do centro.

Cubrirase unha soa solicitude por alumno/a e, se hai varios membros da unidade familiar no mesmo centro tamén se cubrirá un só impreso para todos

ENTREGA DOS LIBROS DO FONDO SOLIDARIO:

A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o día 12 de xullo de 2018. Poderase formular reclamación contra a mesma durante os 2 días seguintes.

A relación definitiva publicarase polos medios anteriormente mencionados o 20 de xullo para educación primaria e o 14 de setembro para educación secundaria.

Os libros entregaranse ao alumnado beneficiario do fondo solidario o día de inicio das clases.

DEVOLUCIÓN DE LIBROS:

Os libros do curso actual 2017-18, adquiridos con axudas públicas, devolveranse no centro antes do día 22 de xuño, agás en educación secundaria aquel alumnado que os necesite para preparar a convocatoria extraordinaria de setembro, que poderá ter os libros que necesite ata o 7 de setembro. O alumnado de 1º e 2º de primaria, non ten que devolvelos por non ser reutilizables. A non devolución dos mesmos supón a exclusión das axudas para o vindeiro curso.

Tamén se agradece a todo aquel alumnado de primaria e/ou de secundaria que os adquiriu con fondos propios, a súa entrega no centro para incrementar o Fondo Solidario.

Todo o alumnado que pida calquera clase de libros, ten que solicitalos neste prazo.

Ares, 23 de maio de 2018.